



### CONCELLOS

#### ANTAS DE ULLA

##### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 13 de febreiro de 2025 de aprobación de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.

O texto íntegro da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

##### ARTÍCULO 1.- *Fundamento legal*

*O Concello de Antas de Ulla, no uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e conforme ao disposto nos artigos 15.2, 59.1 e 61 a 78 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, acorda fixar os elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias do Imposto sobre bens inmobles e aprobar a Ordenanza Fiscal reguladora do mesmo, nos termos que se establecen nos artigos seguintes.*

*En calquera caso, terase en conta o establecido nas disposicións concordantes ou complementarias ditas para regular, desenvolver e aplicar este Imposto das que non exista na presente Ordenanza Fiscal un tratamento pormenorizado.*

##### ARTIGO 2.- *Natureza e feito imponible*

*1.- O Imposto sobre Bens Inmobles é un imposto directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo lei.*

*O feito imponible constitúe a titularidade dos seguintes dereitos sobre bens inmobles rústicos e urbanos e sobre predios de características especiais:*

- a) A concesión administrativa sobre os propios predios ou sobre os servizos públicos aos que estean afectados.*
- b) Dun dereito de superficie real.*
- c) Dun dereito real de usufruto.*
- d) Dereitos de propiedade.*

*2. A realización do feito imponible que se corresponda cos definidos no apartado anterior na orde establecida nel, determinará a non suxeición do ben urbano ou rústico ás restantes modalidades previstas nel. Nos inmobles de características especiais, aplicarase esta mesma prioridade, salvo cando os dereitos de concesión que poidan recaer sobre o inmovble non esgoten a súa superficie, caso en que o feito imponible tamén se realizará por razón do dereito de propiedade sobre a parte do inmovble non afectado por concesión.*

*3. Para os efectos deste imposto consideraranse bens inmobles rústicos, inmobles urbanos e inmobles de especiais características os definidos como tales na normativa do Catastro Inmobiliario.*

*4. No caso de que un mesmo inmovble estea situado en termos municipais distintos, entenderase, para os efectos deste imposto, que pertence a cada un deles en función da superficie que ocupe no termo municipal respectivo.*

##### ARTIGO 3.- *Exencións*

*Estarán exentos do imposto, sen necesidade de solicitude previa, os bens inmobles recollidos no art. 62.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

Igualmente estarán exentos, previa solicitude, os bens inmobles recollidos no art. 62.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **ARTIGO 4.- Suxeitos pasivos**

1. Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que posúan a titularidade do dereito que, en cada caso, constitúe o feito imponible deste imposto.

No caso de bens inmobles de características especiais, cando a condición de suxeito pasivo recaia sobre un ou varios concesionarios, cada un deles será así pola súa cota, que se determinará en función da parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e a construción directamente vinculada a cada concesión. Sen prexuízo do deber dos concesionarios de formalizar as declaracións a que se refire o artigo 76 desta lei, o ente ou organismo público ao que estea afectado ou cedido o ben ou o encargado da súa administración e xestión, estará obrigado a achegar, anualmente á Consellería de Economía e Facenda a información relativa ás ditas concesións nos termos e demais condicións que se determinen mediante orde.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da capacidade do suxeito pasivo para repercutir a carga tributaria soportada de acordo coas normas de dereito común.

#### **ARTIGO 5.- Base imponible**

A base imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será obxecto de impugnación segundo o disposto na normativa do Catastro Inmobiliario.

#### **ARTIGO 6.- Base liquidable**

A base liquidable do imposto será o resultado de aplicar á base imponible as reducións a que se refire o artigo seguinte.

#### **ARTIGO 7.- Reducións da base imponible**

As reducións son as recollidas no art. 67 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **ARTIGO 8.- Cota íntegra e cota líquida**

1. O importe íntegro deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame a que se refire o artigo seguinte.

2. A cota líquida obterase reducindo a cota íntegra no importe das bonificacións previstas pola lei.

#### **ARTIGO 9.- Tipo de gravame**

En aplicación do establecido no artigo 72 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo o tipo de gravame será:

- bens inmobles urbanos: 0,55%.
- Bens inmobles rústicos: 0,55%.
- Bens inmobles de características especiais: 1,3 %.

#### **ARTIGO 10.- Bonificacións**

En aplicación do disposto no art. 74 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establécense as seguintes bonificacións:

a.- Bonificación do 90 por cento da cota íntegra do gravame a favor daqueles contribuíntes que teñan a condición de propietarios de familias numerosas.

b.- Bonificación fiscal do 50 por cento da cota íntegra do imposto aos titulares de bens inmobles nos que teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol, condicionada a que a instalación para a produción de calor inclúa colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente, extremo que será acreditado coa solicitude da bonificación, que deberá ser presentada polo titular do ben inmueble.

Esta bonificación terá carácter rogado e deberá ser solicitada antes do 31 de decembro do ano, tendo efectos no exercicio seguinte ao que sexa recoñecida, e será aplicada por un período máximo de cinco anos.

O recoñecemento da bonificación corresponde á alcaldía, ou órgano en que delegue.

c.- Bonificación do 50 por cento da cota íntegra do gravame a favor de dous inmobles que dispoñan de puntos de recarga instalados para vehículos eléctricos. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.

d.- Bonificación fiscal dos bens inmobles destinados a actividades agrarias, coa súa actividade do 50 por cento do tipo íntegro do gravame.

*e.- Bonificacións da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cos seguintes tramos:*

- *Bonificación dun 95% da cota íntegra do imposto pola creación de máis de 20 postos de traballo.*
- *Bonificación dun 75% da cota íntegra do imposto pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.*
- *Bonificación dun 50% da cota íntegra do imposto pola creación de ata 10 postos de traballo.*

*Estas bonificacións serán de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.*

*A declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego deberá realizala o Pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo.*

*O procedemento a seguir será o seguinte: será necesario que se solicite polo interesado a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, o que deberá efectuarse mediante solicitude a tal efecto. Xunto coa solicitude deberá aportar a seguinte documentación:*

- *Memoria explicativa das circunstancias de fomento de emprego en que se fundamenta a solicitude de declaración de especial interese ou utilidade municipal.*

*Presentada a solicitude e a correspondente documentación, a Alcaldía, previa verificación de que concorren as circunstancias que xustifican a declaración solicitada, formulará proposta de acordo que será elevada ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal será notificada ao interesado.*

*A presente medida de carácter fiscal manterase durante tres exercicios orzamentarios.*

#### **ARTIGO 11.- Período impositivo e devengo**

- 1. O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.*
- 2. O período impositivo coincide co ano natural.*
- 3. Os feitos, actos e negocios que deban ser declarados ou comunicados ao Catastro Inmobiliario faranse efectivos no devengo deste imposto inmediatamente despois do momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.*

#### **ARTIGO 12.- Xestión do imposto**

*1. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados no proceso de xestión tributaria deste imposto, comprenderán as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, levando a cabo as liquidacións que condúzan á determinación de débedas tributarias, a expedición de documentos de recadación, a resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos, a resolución dos recursos interpostos contra os devanditos actos e as accións de asistencia e información ao contribuínte relativas ás materias recollidas neste apartado. .*

*Poderanse agrupar nun único documento de recadación todos os importes deste imposto relativos a un mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos situados no mesmo concello.*

*Determinarase a base imponible cando a base imponible resulte da tramitación dos trámites de declaración, comunicación, solicitude, rectificación de discrepancias e inspección catastral previstos na normativa do Catastro Inmobiliario.*

*Non será necesaria a notificación individual das liquidacións tributarias nos supostos en que, de conformidade co disposto nos artigos 65 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo se efectuasen previamente as notificacións do valor catastral e da base imponible previstas nos procedementos de valoración colectiva.*

*Transcorrido o prazo de impugnación previsto nas citadas notificacións sen ter utilizado os recursos procedentes, as bases impositivas e liquidables notificadas entenderanse aprobadas e firmes, non podendo ser obxecto de nova impugnación ao proceder á exacción anual do imposto.*

*O imposto xestionarase a partir da información contida no rexistro catastral e nos demais documentos que expresen as súas variacións elaborados para o efecto pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia municipal para a cualificación dos inmobles de vivendas desocupadas. O devandito rexistro, que se formará anualmente por cada termo municipal, conterá información relativa aos bens inmobles, por separado para cada clase, e remitirase ás entidades xestoras tributarias antes do 1 de marzo de cada ano.*

**ARTIGO 13.- Infraccións e sancións**

*Será de aplicación en materia de infraccións e sancións o regulado nos artigos 178 a 212 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.*

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

*Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles aprobada polo Pleno de data 30 de novembro de 2023.*

**DISPOSICIÓN FINAL.- Aprobación, Entrada en vigor e modificación da ordenanza fiscal**

*A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello será de aplicación logo da súa publicación no BOP, conforme ao disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, a partir do 1 de xaneiro seguinte, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.*

*En caso de modificación parcial desta Ordenanza Fiscal, os artigos non modificados continuarán vixentes.”*

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Antas de Ulla, 11 de abril de 2025.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 1010

**CASTROVERDE***Anuncio*

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns do mes de abril 2025, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas e polo programa tardes no cole do curso 2024/2025, por un importe total de 1510 € e 120€ respectivamente.

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Castroverde, 8 de abril de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0999

*Anuncio*

Que por resolución de alcaldía de data 07 de abril de 2025, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia e libre concorrencia correspondente ao mes de marzo de 2025, por un importe de 8.366,20 euros 653,39 euros respectivamente. Os padróns quedarán expostos ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse as respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas.

Así mesmo faise saber que dita publicación surtirá de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Castroverde, 7 de abril de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1000

## CHANTADA

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 24/03/2025 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a marzo 2025.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes marzo 2025 terá lugar neste municipio dende o día 25 de marzo de 2025 ata o día 26 de maio de 2025.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 24 de marzo 2025.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1001

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 07/04/2025 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a marzo 2025.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a marzo 2025 terá lugar neste municipio dende o día 8 de abril de 2025 ata o día 9 de xuño 2025.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 8 de abril de 2025.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1002

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

CORRECCIÓN DE ERROS DE TRANSCRIPCIÓN NAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, DE SEIS PRAZAS DE AUXILIAR, PERTENECENTES Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, POLO PROCEDUREMTO DE OPOSICIÓN.

Detectados erros da transcripción na publicación no BOP de Lugo nº 68 de 24 de marzo de 2025, das bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión, como funcionario/a de carreira, de seis prazas de auxiliar, pertencentes á Escala de Administración xeral, Subescala auxiliar, polo procedemento de oposición, procédese a emenda dos mesmos co seguinte detalle:

**Onde pon:**

(...)

**1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

(...)

Código do cadro de persoal 2025:	Código RPT:
52	FAX17
56	FAX 19
58	FAX 21

(...)

**6.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**

(...)

**6.10.- (...)**

4) Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para a fase de concurso a valorar. Só se admitirán como válidos os méritos documentalmente xustificadas e presentados xunto coa instancia. Non se tomarán en conta aqueles que sexan xustificadas con posterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias.

(...)

6.11.- Excepcionalmente, dada a relevancia da documentación acreditativa dos méritos no procedemento selectivo ao ser de concorrencia competitiva para o acceso ao emprego público, ou no caso de que existan dúbidas derivadas da calidade da copia, poderase solicitar aos participantes o cotexo das copias achegadas por eles, requiríndoselles a exhibición do documento orixinal.

No momento da valoración da fase de concurso só serán obxecto desta os méritos alegados e achegados coa solicitude, de conformidade co establecido nesta base, no prazo de presentación de solicitudes. No entanto, no suposto de solicitar certificación/s a calquera administración pública ou institución e prevéxase polo aspirante que a/as mesma/s non se lle vai/van a expedir antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, o/a interesado/a deberá unir a súa instancia de participación copia da solicitude do certificado que, unha vez en posesión do mesmo, deberá incorporar a súa solicitude de participación, antes da data de constitución do Tribunal Cualificador, para que poida ser tida en conta por este.

(...)

**11.7.- OPOSICIÓN:**

(...)

A proba será cualificada polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso obter cinco puntos, como mínimo. O tribunal poderá acordar o número de respostas respondidas correctamente necesarias para acadar a dita puntuación mínima, cualificándose o resto proporcionalmente.

**12. SUPERACIÓN DO PROCESO SELECTIVO**

(...)

No caso de producirse empates na puntuación total entre dous/dúas ou máis aspirantes o Tribunal procederá ao desempate entre os/as aspirantes coa aplicación das regras que a continuación se relacionan, por orde de prelación:

3º.- Maior puntuación obtida na fase de concurso.

4º.- Maior puntuación obtida en méritos de servizos prestados na fase de concurso.

5º.- Por sorteo entre os/as aspirantes.

(...)

**13. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA****13.1.-**

(...)

e. Copia autentica ou fotocopia (que deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) da documentación acreditativa dos méritos valorados na fase de concurso.

(...)

13.6.- Ao tratarse dunha soa praza convocada, a adscrición ao posto (neste caso posto FAX18 da RPT), obtido finalmente con ocasión deste proceso, terá carácter definitivo coa consideración, para todos os efectos da provisión regulamentaria por concurso.

(...)

#### ANEXO I.- PROGRAMA

(...)

16.- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade no emprego público.

(...)

#### Deberá por:

##### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

(...)

Código do cadro de persoal 2025:	Código RPT:
52	FAX19
56	FAX 22-1-2
58	FAX 21

(...)

##### 6.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

(...)

6.10.- o apartado 4) Eliminar

6.11.- Eliminar

(...)

##### 11.7.- OPOSICIÓN:

(...)

A proba será cualificada polo tribunal de cero a cincuenta puntos, sendo preciso obter vinte e cinco puntos, como mínimo. O tribunal poderá acordar o número de respostas respondidas correctamente necesarias para acadar a dita puntuación mínima, cualificándose o resto proporcionalmente.

(...)

##### 12. SUPERACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

(...)

No caso de producirse empates na puntuación total entre dous/dúas ou máis aspirantes o Tribunal procederá ao desempate entre os/as aspirantes coa aplicación das regras que a continuación se relacionan, por orde de prelación:

1º.- Maior puntuación obtida no exercicio práctico.

2º.- Maior puntuación obtida no exercicio teórico.

3º.- Por sorteo entre os/as aspirantes.

Eliminar o resto de criterios de desempate.

(...)

##### 13. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

13.1.-

(...)

e) Elimínase

(...)

13.6.- Elimínase

(....)

ANEXO I.- PROGRAMA

(...)

1. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia . Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade no emprego público.

(...)

Monforte de Lemos, 10 de abril de 2025.- A 1ª Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1011

---

## AS NOGAIS

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 9 de abril de 2025 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de marzo de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 9 de abril de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1003

---

## A PASTORIZA

### *Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 10 de abril aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 4º trimestre do exercicio 2024.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 28/04/2025 e o 28/06/2025 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 28/04/2025. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.



A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

A Pastoriza, 10 de abril de 2025.- O alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 1012

---

## A PONTENOVA

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE TRES (3) PEÓNS FORESTAIS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025. REFORZO DO EMPREGO.-**

Por decreto da alcaldía de data 09/04/2025 apróbanse as bases que rexerán a contratación por concurso – oposición de tres (3) postos de peón forestal como persoal laboral temporal durante un período de (4) catro meses a xornada completa no Concello da Pontenova ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2025.-

Prazo de presentación de instancias: CINCO DÍAS hábiles a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP (de 09:00 horas a 14:00 horas, no Rexistro xeral do Concello de A Pontenova, Praza do Concello s/n – 27720 – A Pontenova), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (<http://concellodapontenova.org/?lang=es>) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.-

Bases da convocatoria: publicadas na sede electrónica municipal <http://concellodapontenova.org/?lang=es> e no taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

A Pontenova, 9 de abril de 2025.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1004

---

## O VICEDO

### *Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 11 de abril de 2025, aprobou inicialmente o orzamento municipal para o exercicio de 2025, bases de execución, cadro de persoal, retribucións e fontes de financiamento. Consonte ó establecido no artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e demais disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría – Intervención deste Concello por prazo de 15 días – que se computarán dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo-, a efectos de que durante o mesmo se poida examinar o expediente polas persoas lexitimadas e formularen as reclamacións que se consideren oportunas, as cales deberán dirixirse ó Sr. Alcalde – Presidente desta Corporación.

O Vicedo, 11 de abril de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1013

---

## VILALBA

### *Anuncio*

**Procedemento:** Delegacións e avogacións de competencias

Publicación da resolución de Alcaldía mediante o cal procédese á determinación de delegacións especiais de dirección e xestión interna de servizos a favor de concelleiros.

**Expediente número:** 2813/2023

Faise público que, mediante o Decreto da Alcaldía número 2025-0364, de data do 9 de abril do 2025, ditouse a resolución co seguinte tenor literal:

*“A Corporación municipal como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio de 2023 quedou constituída na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023. Neste senso, estimase procedente*

deseñar un novo réxime de organización e funcionamento deste Concello, no que participen da xestión os concelleiros electos.

Visto o informe de Secretaría con código 2023-0262 e data do 29 de xuño do 2023 relativo á delegación de competencias en concelleiros, así coma na Xunta de Goberno Local, efectuado a petición deste órgano.

Considerando que o artigo 21.1 letra b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, outorga á Alcaldía da Corporación a competencia delegable da representación do Concello.

Visto que de conformidade do disposto no artigo 43.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF, de agora en máis) «O Alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Comisión de Goberno, e, onde esta non exista, nos Tenentes de Alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para labores específicos, poida realizar en favor de calquera Concelleiros, aínda que non pertencesen a aquela Comisión».

Considerando adecuado por este órgano de goberno efectuar unha serie de delegacións xerais de áreas de goberno concretas incluíndo a autorización e disposición de gastos, as facultades de dirección e xestión dos servizos correspondentes, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a resolución de recursos de reposición que se interpoñan contra os ditos actos, aos efectos de garantir a maior eficiencia na xestión das referidas áreas, cuestión que foi levada a termo mediante resolución a tal efecto, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, en anuncio anexo á presente resolución.

Vista a recente paternidade do primeiro tenente de alcaldesa, Don Modesto Renda Santiso, que, en virtude da resolución 2023-0436, que ostenta unha delegación xeral de área de urbanismo, mobilidade, infraestruturas rurais e desenvolvemento industrial, delegación que implica incluíndo a autorización e disposición de gastos, as facultades de dirección e xestión dos servizos correspondentes, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a resolución de recursos de reposición que se interpoñan contra os ditos actos.

Visto que existe na actualidade un proceso para igualar ambos os permisos de maneira progresiva vén recollido na Real Decreto Lei de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, aprobado en marzo de 2019.

Coa entrada en vigor desta norma, o 1 de abril de 2019, o anteriormente chamado permiso de paternidade pasaba de 5 a 8 semanas para o resto do exercicio, unha duración que se aumentaba ata as 12 semanas para todo 2020, antes da equiparación a 16 semanas a partir de 2021.

Con esta nova regulación, as 16 semanas de permiso para ambos os proxenitores poderanse dividir da seguinte maneira: manas de permiso para ambos os proxenitores poderanse dividir da seguinte maneira:

- 6 semanas obrigatorias, ininterrompidas e a xornada completa, posteriores ao parto (resolución xudicial ou decisión administrativa no caso de adopción). A nai biolóxica pode anticipar este período ata 4 semanas antes da data previsible do parto;
- As 10 semanas restantes gozaranse en períodos semanais, de forma acumulada ou interrompida, dentro dos 12 meses seguintes ao parto ou ben a resolución xudicial ou decisión administrativa no caso de adopción.

Vista a proposta de resolución PR/2025/572 de 9 de abril de 2025.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

Vista a situación descrita, e en virtude do preceptivo e necesario permiso de paternidade, ininterrompido e a xornada completa, posteriores ao parto, No uso das atribucións conferidas no artigo 43 e seguintes do ROF, así coma o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL, no sucesivo), dispoño:

**PRIMEIRO.** Revogar a delegación xeral efectuada, a favor do concelleiro que a continuación se sinala: don Modesto Renda Santiso, Concelleiro de urbanismo, mobilidade, infraestruturas rurais e desenvolvemento industrial, en tanto este se encontre en situación de permiso por paternidade.

**SEGUNDO.** Realizar, transitoriamente, e en tanto dure o permiso de paternidade do concelleiro indicado, a favor dos concelleiros que a continuación se sinalan, as delegacións xerais seguintes: María Xosé Fernández Pardo, concelleira de urbanismo, mobilidade, infraestruturas rurais e desenvolvemento industrial, mantendo en todo caso a delegación especial de área efectuada mediante resolución 2023-0437.

**TERCEIRO.** As delegacións da referida áreas de goberno efectúase na forma e co alcance que a especificado na resolución de orixe, citada con anterioridade, incluíndo a autorización e disposición de gastos, as

*facultades de dirección e xestión dos servizos correspondentes, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a resolución de recursos de reposición que se interpoñan contra os ditos actos.*

**CUARTO.** *Notificar o presente decreto aos concelleiros afectados, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios, e no portal de transparencia do concello.*

**QUINTO.** *Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así coma en virtude do imperativo contido no artigo 38 do referido regulamento para os efectos do establecido no artigo 46.1 da devandita norma legal.”*

Vilalba, 10 de abril de 2025.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 1005

---

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

#### *Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **04/04/2025**, acordou nomear, por un período de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

**TRIACASTELA: substituto: JAVIER MOURELO GONZÁLEZ. DNI 76\*\*\*968Y.**

Contra este acordo poderán os/as interesados/as presentar recurso de alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estaba facendo exercicio da xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles/as xuíces/xuízas de paz nomeados/as, que estean incursos nalgunha incompatibilidade, deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 10 de abril de 2025.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 1006